

Órgano de contratación: Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.
Denominación do expediente: Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública da ag-53.Enlace coa n-525 en piñor - Enlace coa OU-504 en Cea
Ref. Expediente: SUSP210101 División el Lotes: Si Lote 1 e L

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ORDE DO DÍA

A Mesa de Contratación reúne para analizar as alegacións presentadas por HALLMANN ENERGIE, S.L, co obxecto de que se anule a súa exclusión no Lote 1 do concurso. .

CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data: 02/06/2021 Hora: 12:30 horas
Lugar: Avelino Pousa Antelo nº-1, 2ª, Santiago de Compostela 15707, A Coruña

No lugar, día e hora enriba indicados, constitúese a Mesa de Contratación para proceder a analizar a reclamación realizada por HALLMANN ENERGIE, S.L.

MEMBROS DA MESA ASISTENTES	
CARGO	NOME E APELIDOS
Presidenta	Angela Bouzada Valverde
Secretario	Juan Carlos Vence Lamas
Asesoría Xurídica	Javier Álvarez López
Vogal	Manuel Bermudez Sambade
Vogal	Maria Esther Souto Lareo

En sesión celebrada o 14 de maio, a Mesa de Contratación, visto o informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en baixa desproporcionada, acordou a exclusión da empresa HALLMANN ENERGIE, S.L. do Lote 1 debido a que o compromiso da empresa subministradora (Dielectro Industrial) non coincide co presentado na oferta da empresa.

En data 26 de maio por parte da empresa HALLMANN ENERGIE, S.L. preséntanse alegacións respecto da exclusión do Lote 1 do concurso, e, tendo en conta os seguintes antecedentes e consideracións xurídicas:

ANTECEDENTES

Primeiro. O Consello de Administración de SPI-Galicia, en sesión celebrada o pasado 11-03-2021 adoptou o acordo en virtude do cal se aprobaban os Pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas, e se acordaba o inicio do procedemento de licitación do contrato de subministración **“SUSP210101-Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública da ag-53.Enlace coa n-525 en piñor - Enlace coa OU-504 en Cea”**

Segundo. O anuncio de licitación foi publicado no Perfil de Contratante de SPI-Galicia, na Plataforma de contratos da Xunta e no SILEX o 12 de marzo de 2021.

Terceiro. O día 6 de abril reúnese a Mesa de Contratación aos efectos da apertura do sobre (arquivo) número 1, admitíndose a todos os licitadores. O día 13 de abril realízase a apertura do sobre (arquivo) número 2 e o 23 de abril, logo de realizada a valoración dos criterios subxectivos se procedeu a apertura do sobre (arquivo) número 3 .

Cuarto Realizados os cálculos establecidos no apartado B (criterios de adjudicación) determinouse que as empresas HALLMANN ENERGIE, SL e INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, SL se atopan incursas en presunción de temeridade en ambos lotes, polo que se lles dá trámite de audiencia para que no prazo máximo de 5 días hábiles ao seguinte ao que reciban a comunicación para que xustifiquen e desglosen razoada e detalladamente os prezos, custos e calquera outro parámetro en base ao cal se poida considerar que a oferta non é desproporcionada. Ambas empresas presentan en prazo e forma estudo detallado en base ao esixido pola LCSP para a xustificación das baixas anormais ou desproporcionadas relativas a ambos lotes do concurso.

Quinto. En data 14 de maio por parte da Mesa de Contratación, recíbese o informe técnico das empresas incursas en presunción de anormalidade. No dito informe conclúese que unha das empresas non xustifica axeitadamente a oferta anormalmente baixa:

“A documentación presentada pola empresa HALLMANN ENERGIE SL presenta estudio detallado en base en base o esixido pola LCSP.

En particular xustifícase o esixido no art. 201. Obligaciones en materia medioambiental, social o laboral. No relativo ós salarios dos traballadores os mesmos son máis altos cos esixidos polos Convenios de aplicación.

Hay que ter en conta o pouco volumen que representa a man de obra (2,03%) respecto ó material do suministro.

Sin embargo cando presenta o compromiso de Dielectroindustrial para o suministro das luminarias as especificacións da mesma non coinciden coa ofertada pola empresa.

*En base a dito documento **REXEITASE** a xustificación presentada por dita empresa”*

Polo tanto, á vista do exposto a Mesa de Contratación non admite no Lote 1 a xustificación presentada por HALLMANN ENERGIE.

En data 21 de maio o órgano de contratación en base a proposta feita pola Mesa clasifica as empresas presentadas ao concurso quedando clasificada no primeiro lugar no Lote 1 a empresa INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. De acordo co artigo 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) “os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ó prezo xeral de mercado, no momento de fixar o presuposto de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Segundo. O artigo 149 da LCSP “Ofertas anormalmente baixas” indica que “cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adjudicación, estarase ao establecido nos pregos que rexen o contrato, nos cales ha de establecerse os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considere anormal, referidos á oferta considerada no seu conxunto.

Polo tanto, derivase da lexislación que debe coidarse de que o prezo do contrato sexa adecuado para o seu efectivo cumprimento, aplicando as normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. O prego de cláusulas administrativas particulares recolle os parámetros obxectivos en función dos cales se pode apreciar que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormalmente baixos.

CONCLUSIÓN

Con data 26 de maio de 2021 a empresa HALLMAN ENERGIE, SL remite alegacións solicitando a corrección da documentación presentada achegando un certificado que corrixe ao anterior que presenta o distribuidor da luminaria. A Mesa de Contratación solicita informe técnico sobre as ditas alegacións.

No dito informe técnico establécese que:

“Devandito certificado interprétase que ten un carácter contractual e garante a execución en calidade (asegurada polo modelo de luminaria) e prazo (o subministrador dispón do material requirido e está disposto a fornecelo). O certificado presentado indica luminaria que non coincide coa ofertada xa que ten distinta potencia (indícase 75 w sendo a ofertada na licitación de 78 w) sen que se poida saber se é un mero erro material , o subministrador non dispón da luminaria ofertada nese momento (pero si dunha equivalente ou similar) ou simplemente que a luminaria ofertada é a que se indica.

En data 26 de maio de 2021 HALLMANN ENERGIE SL presenta escrito achegando documento do provedor (Dielectro Industrial) indicando erro na codificación. Con todo as súas alegacións non permiten

coñecer se a luminaria efectivamente presentada polo proveedor na xustificación e á de licitación e habendo terceiros afectados non poden ser aceptadas..”

Tendo en conta todo o mencionado anteriormente a Mesa de Contratación REXEITA as alegacións presentadas.

Unha vez manifestada a conformidade co contido da acta polos anteditos membros da Mesa de Contratación, asínase pola Presidenta e o Secretario.

Presidenta da Mesa
Angela Bouzada Valverde

Secretario da Mesa
Juan Carlos Vence Lamas